



INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS PARA A COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

No diario Oficial de Galicia do día luns 20/05/2019 publícase a Orde do 3 de maio de 2019 pola que se **regula a participación no fondo solidario de libros de texto e material escolar.**

A modo de resumo infórmase a esta comunidade educativa que en xeral teñen dereito a solicitar as axudas as familias dos alumnos que no curso 2019-2020 pasen a cursar Educación Primaria e que, se fosen beneficiarios destas axudas no pasado curso, entreguen os correspondentes libros en bo uso cando o solicite o mestre-titor. Estes libros iranse repartindo nos primeiros días de comezo do vindeiro curso en orde inversa á renda per cápita da unidade familiar dos solicitantes ata que se esgoten as existencias, tendo preferencia os alumnos en situación de garda e tutela da xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%. Non obstante, esgotados os libros, as familias dos nenos de 3º, 4º, 5º e 6º con renda per cápita 5.400 € ou inferior terán dereito a 6 libros e as comprendidas entre 5.400 e 9.000 € terán dereito a 4 libros. A todas as familias que o soliciten e que a renda per cápita sexa igual ou inferior a 5.400€ entregaráselles un vale por valor de 50€ para a axuda dos gastos de material escolar.

As familias do alumnado de 1º e de 2º que o soliciten entregaráselles un vale se cumpren as seguintes condicións: as que a renda per cápita sexa igual ou inferior a 5.400€ o valor do vale será de 170€, e as comprendidas entre 5.400 e 9.000€ o vale será de 90€.

Enténdese por **RENTA PER CÁPITA** o resultado de sumar as cantidades dos recadros 415(base impoñible xeneral) e 435(base dispoñible de aforro) da declaración da renda do 2017 e dividila entre os membros da unidade familiar(pai ,nai e fillos).Faise destacar que todos os datos que se proporcionen teñen que ser anteriores ao 31 de decembro do 2017.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- ANEXO I debidamente cuberto.
- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

Para o alumnado de EP

- Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
 - DNI ou NIE
 - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2017.
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflicta a situación a 31 de decembro do 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros:
 - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.



- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE**.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2017, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

PRAZOS PARA PRESENTAR SOLICITUDES:

1. O prazo para presentar solicitudes **iniciarase o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 20 de xuño do 2019**.

Para evitar aglomeracións e esperas para poder entregar o antes posible recoméndase presentar as solicitudes na secretaría xunto coa documentación correspondente nas seguintes datas:

- ✚ Días 23 ao 27 de maio, solicitudes dos nenos que o vindeiro curso fagan 1º de E.P e irmáns.
- ✚ Días 28 e 29 de maio, solicitudes dos nenos que fagan 2º de E.P no vindeiro curso, e irmáns.
- ✚ Días 30 e 31 de maio, alumnado que vaia a cursar 3º de E.P no vindeiro curso, e irmáns.
- ✚ Días 3,4,5 de xuño, alumnado que vaia a cursar 4º de E.P no vindeiro curso, e irmáns.
- ✚ Días 6,7,10 de xuño, alumnado que vaia a cursar 5º de E.P no vindeiro curso, e irmáns.
- ✚ Días 11,12,13 de xuño, alumnado que vaia a cursar 6º de E.P no vindeiro curso, e irmáns.